

## Un curso informa aos asociados da normativa ambiental

A problemática ambiental coa que se atopan as empresas, así como a xestión de residuos industriais e augas residuais foron os temas que centraron o curso organizado pola Asociación de Empresarios do Polígono do Ceao, en colaboración co Concello, e impartido por expertos da firma Soluziona no mes de maio.

No primeiro día do curso, Jesús Cotelo Castiñeira analizou a sistema de xestión do lixo no Concello de Lugo, mentres que ao día seguinte Benito Blanco Pequeño explicou o modelo para os residuos industriais, así como a normativa e a tipoloxía. Na

derradeira xornada do curso, Monserrat García Lema falou da xestión das augas residuais, dando conta dos tipos de materias contaminantes e da normativa vixente, así como das ferramentas de xestión medioambiental para empresas, como a certificación ambiental e a eficiencia productiva.

O curso espertou moito interese entre os asociados participantes, xa que logo as normativas vixentes en materia mediambiental son relativamente recentes e aínda non son dabondo coñecidas polo colectivo empresarial.

## EMPRESAS DO POLÍGONO

### Agrupación PRONE

A Agrupación Prone é fundamentalmente un clube de fútbol sala, aínda que ofrece tamén unhas instalacións deportivas e actividades variadas que van dende a formación de nenos a través de escolas de fútbol sala á organización de colonias de verán xunto co Concello. O xermen deste clube xorde no ano 1984 da idea de varios empregados de Garaje Villares, que forman un equipo para participar nas competicións locais. Pero o nome de Prone Asociación Deportiva non se adopta ata a temporada 89-90, cando se integran no equipo, como xogadores, a maioría dos actuais directivos do clube. Na primavera de 1996 tómase a decisión de participar nas competicións nacionais e crear as categorías inferiores e a escola de fútbol sala Prone Lugo. O primeiro equipo vería culminada a aspiración de xogar na División de Honra na temporada 2000-01. O clube acadaba así en catro anos un obxectivo que se esperaba lograr en 6 ou 7 anos. Nestes momentos o Prone, que co patrocinio da empresa de transportes Azkar segue a militar no máis alto do fútbol sala nacional, ten ademais despregada unha destacada actividade social e de promoción do deporte nos centros educativos de Lugo.

A Agrupación Prone ten a súa sede no Polideportivo Terra, situado na Rúa da Terra do polígono do Ceao. Este centro, aberto ao público e con 700 abonados, conta con máis de 3.200 metros cadrados de instalacións para desenvolver variadas actividades deportivas e de ocio. Na súa planta baixa atópase a pista polideportiva, na que se pode practicar fútbol sala, baloncesto, voleibol e bádminton, os vestuarios, as salas fitness de recuperación, a cafetería, os servizos, a sala de prensa e a oficina de atención aos abonados. Na planta alta están o ximnasio, as gradas, a sala de máquinas e as oficinas do clube.


A cafetería do Polideportivo Terra, construída en 1995, ademais de aos usuarios do centro tamén da servizo ao polígono e conta cun comedor con capacidade para 30 persoas.

O Centro Deportivo Terra tamén dispón dun área recreativa ao aire libre, situada en Muxa, e que permanece aberta durante a época estival. Conta con tres canchas de tenis, dúas piscinas, baños e duchas, local social e merendeiro, así como amplias zonas verdes.



Fachada do Centro Deportivo "Terra"

# ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CEAO



Nº 2

SUMARIO

Entrevista co presidente .....	2 e 3
A assemblea da Asociación aproba o orzamento de 2004 .....	3
Un curso informou da normativa medioambiental .....	4
Empresas do polígono .....	4

## INFORME

### Un plan estratéxico en marcha

A Asociación de Empresarios do Ceao xa está a traballar na posta en práctica dalgunhas das recomendacións plantexadas polo Plan Estratéxico do polígono, elaborado polo Concello de Lugo, e no que se fixaban unhas liñas básicas de actuación referidas a distintas áreas, así coma 32 medidas concretas, entre elas o potenciamento do asociacionismo entre os empresarios. O plan, elaborado pola consultora Cyse, marca un prazo de execución de cinco anos e plantexa un investimento de 221.000 euros.

Segundo explica Javier Cobas, técnico da empresa que elaborou o estudo, o plan debe ser unha base sobre a que traballar para conseguir mellorar a proxección e o potencial económico da que é a única gran área empresarial da cidade.

Cobas sinala que a Asociación de Empresarios do Ceao encargoulles a posta en marcha dalgunhas destas propostas, como a creación de grupos de traballo nos que os industriais puxeran en común experiencias empresariais e así poder aplicarlas nas súas firmas en busca dunha optimización dos recursos. Neste senso, decidiuse facer un grupo dedicado a temas de comercialización, outro para a procura de maiores cotas de calidade e un terceiro adicado a medio ambiente. Despois de dous meses de reunións dos grupos, Javier Cobas destaca os resultados acadados ao tempo que subliña que a principal conclusión que sacaron os participantes é a necesidade de converter á Asociación de Empresarios de O Ceao no eixo de coordinación das actividades que se plantexaron nos distintos grupos de traballo. Así, explica que no apartado de comercialización, debatíanse problemas internos de cada empresa e buscábanse solucións en base a experiencias positivas doutros industriais, ao igual que se fixo co apartado de calidade.



Vista xeral dunha rúa do polígono industrial

Con respecto ao grupo de medio ambiente, debatiuse sobre o problema que representan para moitas pequenas firmas os residuos industriais e viuse a posibilidade de plantexar un modelo de xestión conxunto co ánimo de abaratar costes. Javier Cobas explica que entón plantexouse a posibilidade de que a Asociación de Empresarios encargase un estudo para saber a cantidade de residuos industriais que xenera o polígono e os tipos, de cara a valorar si é rendible buscar un modelo de xestión conxunto. Engade que para a súa elaboración vaíse pedir financiación ao Igape, de xeito que en poucos meses poida estar redactado.

# "Somos un colectivo empresarial, pero tamén unha agrupación de veciños"

¿Que funcións cumpre a asociación que preside?

Pódese dicir que somos fundamentalmente unha agrupación de veciños que temos unha problemática común e como os viais, alumeado, auga e recollida de lixo ou o mantemento pertencen ao Concello tentamos trasladarlle as necesidades e problemas que atopamos. A nivel empresarial, como estamos a falar dun polígono multisectorial, resulta difícil resolver os problemas de cada empresa, aínda que si que podemos axudar a solucionar cuestións comúns a diferentes empresarios e ter en conta as súas demandas. Agora estamos a facer charlas informativas sobre prevención, medioambiente e incluso estamos preparando unha con Facenda sobre a nova Lei Concursal e a problemática da subcontratación. Ademais,

**"Queremos ser o nexo entre as necesidades dos empresarios e as administracións"**

temos un edificio na Rúa das Leiteiras con persoal que está a disposición de tódolos empresarios do Ceao, aínda que o que de verdade necesitamos é colaboración por parte das firmas para que nos digan o que necesitan e logo traballar nós nesa dirección. Esta mesma revista tamén queremos que sexa o motor de tódalas inquedanzas, suxerencias, novas...

Máis do 50% das empresas radicadas no Ceao están asociadas. ¿Que obxectivo se marcan en canto a afiliación?

O ideal sería ter ao cen por cen, pero sabemos que non é posible. Sen embargo, notamos que cando os empresarios teñen unha problemática concreta, como o

arranxo dunha rúa o a falta de luz, entón acuden tódolos afectados ás reunións. Logo se hai temas que non lles tocan, non asisten. De tódolos xeitos aspiramos a chegar a ter a un noventa por cento das empresas asociadas. Ademais, as cotas penso que non son elevadas, pois estamos a falar de 15 euros ao mes.

¿Qué servizos ofrecen dende a súa sede?

A través dunha achega do Plan Labora conseguimos contratar a dúas traballadoras que dende a nosa sede ofrecen servizos de asesoramento legal, laboral, fiscal e financeiro ou tramitación e xestión burocrática, e que sirven tamén de

nexo cos servizos da confederación de empresarios. Están a disposición de tódalas empresas, pero temos que pensar que cando esa subvención remate farase necesario seguir contando

con persoal para manter esta oferta. A asociación pode nestes momentos darlle ao pequeno empresario tódolos servizos e asesoramento que precise, pero a realidade é que aínda non se están demandando. Tamén se organizan actividades formativas e ademais estamos abertos a todo tipo de propostas que nos fagan os asociados.

¿Están colaborando coas administracións de cara a ampliación do polígono ata As Gándaras?

Dende a asociación queremos ser o nexos entre as necesidades dos

empresarios e as administracións para lograr que esas futuras parcelas acaben sendo un proxecto empresarial que xenere emprego e non que queden solares paralizados. Por iso atendimos a chamada do Concello, que nos requeriou propostas sobre as necesidades de solo por parte das empresas, e enviámoslle unhas 15 fichas de firmas interesadas en contar con parcelas na nova zona industrial. Neste sentido, creo que a colaboración por exemplo co Concello podería converter a nosa asociación nunha oficina de proximidade da administración cos empresarios, na que seguir incluso avanzando en dar novos servizos.

¿Que vai a supoñer esta nova zona industrial?

O polígono agora mesmo non ten solo industrial libre, pero tamén hai que pensar que as empresas non poden estar esperando ata o 2007 para dispoñer de parcelas. Creo que debería haber actuacións puntuais do Concello para sacar solo de forma rápida, sobre todo tendo en conta a competencia doutros polígonos, como os de Outeiro de Rei ou Rábade, que están medrando e que ofrecen un precio baixo e menores impostos. O Concello penso que ten que dar máis facilidades para a implantación de proxectos empresariais que xeneren emprego.



Ángel López Lugilde

¿Cales son as principais necesidades do polígono?

A nivel de infraestruturas, temos unha gran problemática coa falta de aparcadoiros e tamén no tema da seguridade notamos que a xente está cada vez máis preocupada. Logo o estado global do polígono vai mellorando pouco a pouco e estanse a facer tarefas de desbroce, aínda que os asociados demandan que o Concello faga limpeza periódica das rúas con camiións de auga, posto que o tráfico de vehículos pesados provoca vertidos de aceite ou lama. Ademais, pretendemos que se regule o recibo de recollida de lixo, posto que a maioría dos residuos que xeneran as firmas son industriais e téñense que xestionar a través doutras empresas, e sen embargo séguese a pagar un servizo municipal que logo case nin se utiliza. Outro proxecto que imos a demandar das distintas administracións é o

soterramento do cableado da Rúa da Industria, para eliminar as medianas, incrementando o número de aparcadoiros. Tamén pediremos espazos de parada temporal de vehículos para que os visitantes se poidan informar a través de paneis de onde están as rúas e as empresas do polígono. Sería tamén interesante ampliar as liñas de buses e poñer pasos de peóns nas vías principais, porque non hai que olvidar que no Ceao tamén hai vivendas, e mellorar a estética da área, porque a imaxe que dan as nosas empresas e o polígono é a que transmitimos aos nosos clientes. Todo isto enmarcaríase nun plan a varios anos, porque todo de golpe sabemos que non se pode facer, pero si a través dun planeamento e ano a ano.

¿Vaise manter a seguridade privada no polígono?

A seguridade é un gran problema nestes momentos, porque a autovía dividiunos en dous e cada vez resulta máis difícil a vixilancia. Por eso se non hai unha colaboración por parte da maioría das empresas vai a ser inviable o mantemento do servizo de seguridade privada. Moita xente pensa que cun seguro xa está ben cuberto e outros din que é unha labor da Policía. Sen embargo, pódese dar o caso de roubos con violencia contra as persoas e logo hai que asumir que as dotacións e medios forzas de seguridade son limitados. Por eso a vixilancia privada é necesaria, porque ademais os empresarios somos os últimos en saír das naves, traballamos ás veces en fins de semana e corremos un risco que se pode aminorar con ese servizo de seguridade.

## A Asociación aproba un orzamento de 37.992 euros para 2004

A asamblea da Asociación de Empresarios do Polígono do Ceao aprobou por unanimidade na reunión do 29 de xuño o orzamento para o ano 2004, que ascende a 37.992,21 euros. Neste encontro tamén se deu conta da liquidación das contas do ano anterior, que tamén recibiron o visto e prace de tódolos asistentes.

O presidente do colectivo, Ángel López Lugilde, que fixo un balance das actividades realizadas durante o primeiro ano de mandato da nova xunta directiva, destacou o aumento da actividade experimentado pola asociación, así como as reformas acometidas nos locais, coa dotación de material diverso e coa contratación de persoal a través dunha subvención do Plan Labora da Xunta.

Entre as iniciativas levadas a cabo, López Lugilde subliñou as xuntanzas mantidas co Concello para trasladarlle inquedanzas como a falta de aparcadoiros no polígono. Tamén se solicitou o alumeado da Rúa Carpinteiros, o soterramento das liñas de alta tensión da Rúa Industria e a retirada de vehículos abandonados. Así mesmo, informou da participación do colectivo na redacción do Plan Estratégico do



Un momento da asamblea da Asociación

Ceao e das xuntanzas mantidas co subdelegado do Goberno para mellorar a seguridade.

Finalmente, deu conta doutras iniciativas como a posta en marcha da nova revista para distribuír entre os asociados, que conta cunha achega de Política Lingüística, así como dos convenios firmados con Cáser Salud e Caixanova.

Sobre os proxectos inmediatos, o presidente plantexa a creación dun centro de dinamización empresarial, que agrupe a empresas con necesidades comúns co fin de pedir achegas do Igape. Ademais, informa da intención de organizar foros interempresarias sobre distintas materias de interese para os asociados.